



RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE ESTABLECE A COMPOSICIÓN DA MESA ESPECIAL DE DIÁLOGO COMPETITIVO.

Coa finalidade de asistir ao Órgano de Contratación nos procedementos de contratación de compra pública precomercial que a continuación se indican, faise necesario o nomeamento dos membros da Mesa especial de diálogo competitivo, de conformidade co previsto no artigo 321 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, así como no artigo 23 do Real Decreto 817/2009, de 08 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público.

Os procedementos de contratación teñen por obxecto a licitación de servizos de I+D das seguintes actuacións:

- **Modulo con brazo manipulador para plataforma subacuática de inspección para o mantemento de estruturas offshore**
- **Sistema de análise da dinámica multicorpo Embarcación / cimentacións-aeroxeradores offshore para ensaios con modelos en canais de experiencias hidrodinámicas**
- **Sistema de visualización e inspección para o mantemento remoto de superestruturas e de plataformas e aeroxeradores offshore baseado en drone multirotor**

En consecuencia, esta Reitoría, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 36 do Decreto 101/2004, de 13 de maio, polo que se aprobaron os Estatutos da Universidade da Coruña, modificados polo Decreto 194/2007, de 11 de outubro,

RESOLVE:

Primeiro.

Designar aos membros da Mesa especial de diálogo competitivo que se citan a continuación:

1. Presidencia: será exercida pola persoa titular da Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas ou persoa en que delegue.

2. Vogais:

- a) Secretario/a Xeral da Universidade
- b) Xerente/a da Universidade
- c) Xefe/a do Servizo de Intervención
- d) Xefe/a do Servizo de Asesoría Xurídica
- e) Richard José Duro Fernández. Catedrático de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial Robótica.
- f) Fernando López Peña. Prof. Titular Enxeñaría Naval e Oceánica.
- g) Armando Yáñez Casal. Prof. Titular Dpto. Enxeñaría Industrial.

3. Secretaría: será exercida pola persoa titular da Sección de Contratación.

4. Vogais non permanentes: ás reunións da Mesa poderán incorporarse, a iniciativa da Presidencia, un membro da unidade directamente relacionada co expediente de que se trate ou especialistas que resulten necesarios en función da complexidade técnica do expediente que vaia a ser tratado na sesión.



Segundo.

En caso de vacante, enfermidade ou ausencia, establécese o seguinte réxime de suplencias para os membros da Mesa de Contratación:

1. Presidencia: a persoa titular da Presidencia será suplida polo titular da Vicerreitoría que corresponda, de acordo coa orde de prelación establecido no artigo 1 da Resolución Reitoral de 16 de xaneiro de 2012, pola que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da Universidade da Coruña e as competencias dos seus órganos directivos.

2. Vogais:

a) Secretario/a Xeral da Universidade: será suplido/a pola persoa en que delegue.

b) Xerente/a da Universidade: será suplido/a pola persoa en que delegue, que dependa do órgano de contratación.

c) Xefe/a do Servizo de Intervención: será suplido/a pola persoa titular da sección ou, na súa ausencia, pola dun dos negociados do citado servizo.

d) Xefe/a do Servizo de Asesoría Xurídica: será suplido/a pola persoa titular da sección ou, na súa ausencia, pola dun dos negociados do citado servizo.

3. Secretaría: a persoa titular da Secretaría será suplida pola titular do Negociado de Contratación ou, na súa ausencia, pola dun dos negociados da Sección de Xestión Económica.

Terceiro.

Para a válida constitución da Mesa deberán estar presentes a maioría absoluta dos seus membros e, en todo caso, o presidente, o secretario e os dous vogais que teñan atribuídas as funcións correspondentes ao asesoramento xurídico e ao control económico-orzamentario do órgano de contratación.

Cuarto.

Terán voz e voto todos os membros da Mesa citados no apartado primeiro, excepto o/o Secretario/a da Mesa e os vogais non permanentes, que actuarán con voz e sen voto.

Quinto.

Esta resolución producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Perfil do contratante da Universidade da Coruña.

A Coruña, 18 de marzo de 2015

O reitor,



O reitor
P.D. O Xerente
(RR do 16/01/2012)

Juan M. Díaz Villoslada